do Dante ou do Petrarca fora, sería unha profanación indina pra que non habería maldicións d'abondo n' os ecos dos torrentes, n' o rumor d' os pinales, nos ruxidos d' costa brava, nos salayos d' os que cantan e n' as vágoas d' os que choran.

Por eso ei de falarvos n' a lengoa que millor expresa as nosas legrias e as nosas mágoas, n' a lengoa agarimosa d' a que a inmortal poetisa decía n' os seus cantares:

Cantar t' hei Galicia
n' a lengoa gallega,
consolo dos males
alivio das penas;
mimosa, soave,
sentida, queixosa,
encanta si ríe,
conmove si chora.

N' esa lengoa quero decirvos esta noite catro cousas d' aquela gran muller que soupo chegar tan ô fondo d' as nosas almas que non parece sinón que Dios mandouna á este mundo pra sere o heraldo d' as nosas glorias, o númen redentor do noso nome, á primeira Musa da terra, o consolo d' os desterrados y-a vos eterna das nosas santas libertades.

¿Sabedes por qué ninguén chegou as alturas, ô cume d' a fama que gozou, de morta e de viva, a nosa Rosalía de Castro? Porque éla foy a úneca que pensou, sinteu e quixo como pensan, senten e queren os gallegos; porqu' éla falou como falan os que ríen, os que choran, os ricos, os probes, os felices e os disgraciados; porqu' éla foy a musa d' os pobos; porqu' éla recolleu os sentimentos d' os seus hirmáns e copiou n' os seus cantares o caraute gallego co' as suas voltas e revoltas, malicias e picardías, agudezas e tenruras; porqu' ela chorou c' os ausentes, parolou c' os namorados, beilou n' as ruadas e romarias, rezou n' os cimiterios, repiteu os ecos d' as nosas montañas y-os rumores d' as nosas rías; porqu' éla foy o símbolo de Galicia, a encarnación d' a nosa raza, a divina muller qu' os gallegos vemos sempre enriba dos nosos eidos, como sombra proteutora que pasa recorrendo soutos e camiños, gandras e pinales, levando como dí ô verso de Curros Enríquez:

n' a frente unha estrela
n' o bico un cantar.

Cando fala d' a patria, do amor que temos os gallegos ô corruncho onde nenos xogamos antre verdes arboredas ou n' a veiriña do mar; onde mozos tivemos as primeiras ilusions, e de homes os primeiros desenganos, e de vellos as primeiras tristezas; cando toda a y-alma se lle say do corpo ô lembrar a sua terra de lonxe ou despedirse d' ela pra sempre, estonçes parece que pulsan as cordas da sua lira as nove Musas do Parnaso á un tempo.

Moitos, dempois de Rosalía, choraron en malencónicos versos

ôs desconsolos d' os namorados, as coitas d' os que emigran, ôs lamentos d' os probes oprimidos, as ánsias d' os labregos asovallados, a malenconía d' os que deixan os prados, veigas e regatos d' a sua aldea, pero naide chegou á un grado tal de soavidade, d' espiritualismo e de orixinalidade como Rosalía de Castro.

As vágoas véñense ôs ollos espontáneamente, ô leer o cantar dazasete da sua coleución. De lonxe, acoden á memoria d' a ilustre cantora que se finxe, ou estivo en realidade ausente, os amores d' a sua familia, a sua probe casiña, a sua vaca bermella, as muiñeiras, alboradas e atruxos d' as festas; aquel rum, rum d' as cunchiñas, pandeiros e castañetas; aqueles dôces aires *quitadoiriños de penas*; e ô lembrar tantos recordos, tantos tesouros, tantas cousas xuntas, prorrumpe n' aquel último salayo, berro d' infinita tenrura, saúde tristísimo, desfogo d' unha doente d' amor que soilo pode comprender o curazón d' un gallego:

Inda despois de mortíña,
¡airiños d' a miña terra!
eivos de berrar: ¡airiños,
airiños, levaimé á ela!...

No canto d' os emigrados, soilo o gran Curros Enríquez chegou á igualala. O estro do poeta celanovense é mais varonil; a sua célebre cantiga *No xardín unha noite sentada*, é unha mesturaza de maldición e de lamento. Pero o cantar quince de Rosalía é unha verdadeira balada; é un pranto amarguísimo coma as feles. En efeuto; o que se embarca vay perdendo pouco á pouco de vista a terra querida, a espadana da eirexa, a hortiña d' a casa, a fontíña do cabañar; y-o último suspiro, o derradeiro adiós, o recordo final é, coma cousa moi humana e realista, pra muller que leva na y-alma e pra sua casiña que alá se queda escondida n' as espesuras d' o pomar:

Non m' olvides queridíña,
si morro de soedás:
¡Tantas légoas mar adentro!
¡Miña casiña, meu lar!...

Mentras vive no seo d' a patria, todol-os seus cantos son retozons, beiladores, meiguíños, sinxelamente maliciosos e sempre nosos, de feitura enxebre, de sentimento afinadísimo, de encantos feiticeiros. Os estribillos d' os seus cantares, corren de boca en boca por todol-os corrunchos de Galicia e repétense con vágoas n' os ollos, pol-os desterrados n' as ardentes prayas do Brasil, n' os campos de Cuba e n' as pampas arxentinas.

Din que a divisa d' un Señor feudal da Idade Media foi: "Dempos de Dios a casa de Quirós." Nosoutros os gallegos, de tal modo levamos na y-alma os versos d' a nosa *rula d' os cantares* que podemos facer a parodia de tal divisa, escribindo n' un d' os cuarteles do escudo de Galicia: "Dempos de Dios e d' a Virxe María, a nosa Rosalía."

Non abundaba que esta muller fose pasmo d' as xentes c' os seus cantares: quixo derramar total-as riquezas da súa inspiración n' eses dous tesouros que se chaman *Follas Novas* e *N' as orillas do Sar*, pra demostrar que pensaba tan fondo como sentía, qu' ademáis de cantora do pobo era poeta d' os homes cultos, e qu' o fogo d' amor que no seu peito ardía era o mesmo que forxaba o rayo creador do seu cerebro.

Grande e fervoroso é o culto que nós lle profesamos, pro é máis grande e solené o que lle empristan os emigrados d' América. Eles fono os que mandaron seus auxilios en diñeiro á probe poetisa, esquencida, triste e enferma n' a súa homildísima chouza de Iria Flavia; eles os que propagaron os seus versos e os seus libros; eles os que dende Buenos Aires lle mandan, agora de mortíña e de enterrada, esa preciosa corôa de bronce que será coma un eterno bico filial, depositado pol-os gallegos arxentinos no mármore frío que garda ás cinzas d' a gran cantora de Galicia.

E vós, meu amigo querido, meu querido Padre Salgado, n' outro tempo tamén emigrado d' a terra; vós que sodes soldado de Cristo e apóstole da pequena patria; vós que levades n' a y-alma o amor da vosa nay fundido no amor á Galicia, decide-lle aló ôs arxentinos que aínda quedan por acó, un fato de gallegos que saben honrar como eles á terra en que naceron.

Que é verdade qu' os tempos cambearon: que os ideales máis caros rolan pol-o chan; qu' a mocidade non ten nin sangue nas venas, nin amores n' o peito, nin cuáseque ideyas na testa; qu' o nome da patria é un nome vano; qu' a nosa terra somella unha feira donde todo se compra e se vende, onde se mide o honor dos homes por un cheque e o amor das mulleres pol-á dote; que eiquí négase todo e apenas se cree en nada.

Pro non importa: Polonia non morrerá mentras queden polacos: Galicia non morrerá mentras queden gallegos. Abrazados á bandeira branca de Galicia e roxa de España, si é qu' os nosos amos nos venden ôs novos bárbaros que veñan do Norte, primeiro pasarán por riba dos nosos cadávres antes que arrincarnos ó nome de Españoles ganado en siglos de loita e vencendo á Bonaparte; antes que arrincarnos o nome de gallegos que nos deron c' o bautismo de sangue en cen combates, dend' o curuto d' o Medulio hastr' as augas do Callao.

Non importa, non: decide-lle ôs nosos paisanos d' América que inda está alcendido ô fogo sagrado nos altares da patria. ¡Non se apagará mentras seipamos os cantares de Rosalía! Ese fogo arde en todol-os curazóns; ese fogo seguirá sempre alcendido, por máis que sopren, pra apagalo, os fillos desleigados de Galicia solapados e encubertos inimigos da nosa vida rexional.

E adiós, qu' eu voume, e xa me sento e calo.



EN LA TRASLACION

de los restos de Rosalía Castro al panteón de la iglesia
de Santo Domingo en Santiago.

SONETO

Xa n' o tempo descansa a precursora
D' o ben da nosa terra; xa esquencida
Non quedará nos lóstregos da vida
A sona que logrou nosa cantora.

Si antes os bicos recibeu d' aurora
N' a terra d' un Apóstol bendecida
Dond' o ser dos seus agros desprendida
A cova que deixou láyase e chora;

Hoxe á dormir truxérona con froes
D' o tempo n' un marmóreo moimento
Os hirmans d' este chán d' os seus amores,
Que pondo en Dios á fe d' un pensamento
Xuran salvar Galicia dos seus dōres,
E todos comprirán seu xuramento.

Luis Rodriguez Seoane.



DISCURSO

PRONUNCIADO POR

D. Salvador Cabeza León

Eu non sei, miñas señoras e meus señores, si a solenidá qu' hoxe celebramos me da dōr ou legría. Vexo ós meus paisanos qu' alá lonxe, moi lonxe loitan pr' arrincar á fortua un dos seus cobizados agasallos, xuntarse cheos de patrióteco entusiasmo c' o ouxeto de honrar a santa mamoria da nosa Rosalía, e vénme ós beizos unha pregunta que non sei, abofellas, como contestar: ¿e que facemos nós? Nós, que vivimos ó carón do sepulcro da gran poetisa, d' ese sepulcro que debíamos gardar e venerar como se gardan e veneran os máis groriosos recordos do pasado; cal se gardan as rachadas bandeiras que levan-ós nosos país á vitoria e qu' o ferro enemigo furou mil veces mais non pudo abatir; como veneramos a mamoria dos que nos enxendraron, non tanto po-la vida que nos deron como po-l-o nome honrado que nos souperon deixar!

¿Qué facemos nós?... Si por un instante Rosalía volvese á sua vida mortal; si nos fose dado contemprar a sua figura malencónica, ¿podríamos erguer diante d' ela satisfeitos a frente, ou debríamos máis ben baixar cheos de vergonza os ollos, sin astrever-nos á fixalos n-os d' aquela que tantas veces chorou de pena pol-as desdichas da patria; e tantas de rabia ó ver que non l-era posible as-aliviar nin siquiera as vingar? ¿Podríamos xurar diant-o sepulcro onde s' encerran os ósos d' autora de *Follas novas*, que soupemos manter e mantemos inda alceso o sagrado fogo qu' ela alcendeu c' os seus cantos, os máis ispirados, os máis grandes, os máis cheos do espírito d' a terra que s' oiron xamais neste chan feiticeiro do que fixo Dios un paraíso, e que feros lobos e cóbregas pozoñentas amparados po-l-a lei e armados dela souperon trocar nun espantoso inferno?

¡Ay! Quédesede a pregunta sin contestar, ou máis ben contéstea cada un de vós no fondo do pensamento. Eu sólo vos direi qu' ó meu entender o agasallo máis dino que podemos facer á mamoria da inolvidable poetisa, é seguir o camiño qu' ela nos trazou; cantar o que cantou ela; amar o que amou ela; aborrecer o qu' ela aborreceu. E entendede ben. Si Rosalía houbese tido ainda máis inspiración da que Dios lle dera ás mans cheas, pro non houbese cantado sinón penas ou legrías suas, non pasaría de ser un gran poeta. Pro tivo xenio d' abondo pra cantar as nosas cousas, as cousas da terra; soupo ferir tod-l-as cordas do corazón gallego; sinteu as suas carnes furadas po-l-as mesmas espiñas que rachaban as carnes da infelís Suevia; e por eso é máis qu' un gran poeta; é o poeta por escelencia, a representación máis alta da pequena patria; é, si m-o deixades decir, Galicia feita carne e sangue; Galicia que n-ela chora, n-ela ríe, n-ela canta, n-ela chama con berros d' angustia ós seus fillos pra que veñan á librala da escravitú ou á morrer con ela no infamante pótro onde a tenderon seus verdugos!

Non. Inda qu' os anos e os sigros pasen en longa riola sob-ro sepulcro de Rosalía, non é posible que trayan un nome máis dino dos nosos homenaxes qu' o nome d' ela, uns cantos máis nosos qu' os seus cantos. Porque n-eles está canto ten virtú pra con-mover o corazón gallego. Por eso unhas veces teñen a vaga malen-conía do *a-la-lá* que tan estrano sona nas noites do luar, ó perder-se as suas notas infinitas na infinita extensión dos cómaros desolados ou das tristes gándaras; outras parês com-a que brincan e aturuxán ós churrusqueiros sons da muiñeira ou d' alborada; xa se sinten n-eles berros de rapazas e rapaces en fiadas e regueifas; xa cheiran con cheiro de fiunchos e espadanas, e zoan c' ós piñeirales, e bruan c' as carballeiras, e mostran en fin todo-l-os sons e todo-l-os còres do ceo e do chan gallegos!

Non: non tragerán os anos nin-os sigros un nome máis dino do noso amor qu' o teu, bendita muller, que conóciche cal nadie todo-l-os sacretos da nosa y-alma e soupeches cantal-os na lengoa



da terra, lengoa que parecía morta e á que tí deches espréndida e groriosa vida nesas *Cantares*, nesas *Follas Novas*, que son pros que sentimos o que tí sentiche, o qu' eran pros cautivos d' Israel os ardentes conceutos con qu' os seus Profetas Illes falaban da perdida Patria!....

¡E ben!.... ¿Qué será teu sepulcro, insine cantora? ¿Norte das nosas espranzas ou coba onde s' enterren pra sempre? Ó poñer n-él o teu corpo, botaríamos tamén alí o espírito da terriña? S' a moxedá gallega ha d' escoitar os salayos da coitada, sin qu' o corazón lle palpите de coraxe; sin sentir nas faceiras a labarada de fogo que n-elas poñen o door e a rabia cando se xuntan n' un mesmo sentimento; si n' ha de disporse á redentora cruzada á que Galicia chama ós seus fillos, hoxe que ve postos sobr' ela ollos que sempre a cobizaron, pro que quizáis contan cas presentes congoxas, e máis ainda ca morte das públicas enerxías, pra roubar como piratas o que non poideiron conquistar en loita de cabaleiros; s' ha d' esquencerse esa moxedá de que po-l-as suas veas corre sangüè de celtas e soevos que quixeron sempre a morte antes qu' a escravitú; ¡ay! entón, ben morta, ben morta estás, Rosalía! Pro n' está solo o teu calavre, non. Tendida á tua veira vexo á Galicia qu' ó quedarse sin-o seu reiseñor e ó comprar ó mesmo tempo a cativeza dos seus outros fillos, ó perder po-l-o tanto toda espranza de conseguir a sua liberdade, abrazouse ó teu corpo morto, xuntou cós teus fríos os seus beizos n' un bico eterno, pideu ós teus ósos, como derradeira ofrenda un pouco da friaxe da morte; deixou caer a sua frente no teu seo, e pechada ela na caixa en qu' á tí t' enterraron, xúnt-l-as duas n' unha estreita apretiña, baixáchedes pra sempre á cova e sintíchedes enriba dos vosos corpos o mesmo puño de terra! Abrazadas vivírades e abrazadas camiñábades á rexión da lus e do consolo.....

Pro non, Galicia non morreu. Galicia vive e ergueráse máis axiña do que quizáis coidan seus verdugos. cantando os cantares que tí, Rosalía, lle deprendeche, e loitando po-l-a libertá que tan fondos salayos arrincou ó teu peito. E cando o sol da xusticia brile no noso Ceo; cando a terra sea de *Dios e dos hirmás gallegos*, entón, Rosalía, erguerémosche unha estauta xigantesca; anque teñamos que deixar sin follas os carballos e o chan sin frois, faremos pra ela con frois e follas un pedestal tan alto que dende toda Galicia poida verse tua imaxe, e diremos os pobos xa redimidos: "vel-ahí á cantora que cos seus cantos alcendeu no noso espírito o fogo de viril antusiasmo que nos levoí á loita; vel-ahí a musa da terriña; a santa muller por quen tendes patria e libertá!"

Dixen.



DISCURSO DEL P. SUÁREZ SALGADO



MIÑAS SIÑORAS E MEUS SIÑORES:

O posto que me toca ocupar nesta noite, tan chea pra min de doces recordos, que non morrerán en canto eu viva, confésovos que abofellas non-o aceitaría, porque o considero moito máis pesado do que as miñas forzas poden, si non m' obrigára á facelo, en primeiro lugar unha déboda que teño pendente dende fai logo dous anos, co *Ateneo León trece*; co este centro de ilustración e de progreso, que mantén acésa a brillante chama do amor ás cousas verdadeiras, boas e bunitas, mal que lles pese os que soilo pensan nas cativas da terra, asomellándose os gurgullos que non teñen dentes sinón pra rilár a fariña dos graus que están no hórreo ou na tulla; e en segundo, por compracer á moitos amigos que s' empeñaron en que lles falase dend' eiquí. E anque nacín na montaña, e pol-o mesmo debo ter en mín algo da aspreza dos toxos, non quero pasar por desleigado, porque aínda conservo unha mingalliña da boa crianza que me deron meus páis.

A déboda mincionada consiste no seguinte: Estaba eu moy lonxe d' eiquí, sin pensar siquera que se lembrasen de mín máis qu' as xentes da miña casa, porque non teño dereito á outra cousa; pro na mentres ós homes sábeos e rapaces garbosos que forman este centro ilustrado, ocurriuselles, por indicación do meu bó amigo D. Salvador Cabeza, que d' aquela non me conocía, sinón tal ves n-ô fixera, nomearme sóceo e facerme membro honorario do mesmo, sin eu merecelo; e dito e feito: unha boa mañá, atopeime co papel que acreditaba tal nombramento. Xa vedes, miñas señoras e señores, si debía desear que chegase a hora de decirlles solenemente á todos pol-a distinción que me concederon: "amigos e viciños, Dios vol-o pague."

A paga non é moita que digamos, e contan que con éla retribuyen os frades os favores que lles fan; mais como eu pronto pertencerei, si Dios quer, ò número d' eles, rógolles os señores ateneístas que m' a tomen en anticipo, pois non teño outro capital de meu. Con todo, s' as cousas se aprecean pol-o que custan, asegúrovos que se poden dar por satisfeitos, porque n' a miña vida me vin tan apurado coma hoxe.

Mirade que falar gallego en púbrico, cando nunca o fixen, dempois de catorce anos e medio que marchei pras terras de fora, évos moito atrevemento: xa sabedes qu' eiquí temos vergonza de falar n' a lingoa dos nosos abós e pol-o mesmo n' a entendemos, como si fora un crime ser gallegos.

Eu, ben-o sabe Dios, que quixera decirvos cousas moi bunitas, expresarme en termos que agradasen ás vosas orellas e levasen a legría ós vosos corazóns; pro non sei facelo e sinto qu'

As pernas témbranme de medo ò ter que abril-a boca diante de vós todos.

É máis, pensando ben, a cousa non é pra menos; porque dempois d' esta alborada manífica en que cantaron os reiseñoles, os melros, xílgaros, siríns e labercas da nosa terra, tan loubados de cantos teñen a sorte d' escoitalos, e correno todos com' as xentís anduriñas pol-as veigas encantadoras da poesía e da música, craro está qu' a miña voz soilo pode asomellarse, xa nin siquera o crayar dos corvos, que pol-o menos sintense de lonxe, sinon o piar dos carrizos, que máis ben saltan que voan de põla en põla, por tel' as alas pequenas e o piteiro miudo.

Pro, xa que o queredes, sexa: pagarei a contribución que debo, como fillo desleigado de Galicia, expiando así a culpa de haberme esquencido da nosa doce fala, d' esta fala que é máis doce que o mel, e como dín que Dios non criou o mel pra boca dos asnos, ahí téndela penitencia do meu pecado.

Pois, como iba dicindo ou pensaba dicir, fai logo dous anos, o quince de Santiago, xuntámonol-os gallegos que vivimos en Buenos Aires; tantos fillos d' esta nai agarimosa que se ven obrigados á fuxir d' eiquí, porque a coitada, á forza de deixarse zugar pol-os lacazás da política que lle roubaron todo, quedouse, como dixo Curros, "sin pan pr' os seus fillos nin grau pr' a semente"; xuntámonos, digo, co fin d' honral-a mamoria d' aquela rula namorada, qu' eu chamei entonces e chamarei sempre a yalma de Galicia, e dempois d' unha festa tan lucida como non se vira outra entre nós, quixemos deixar d' ela un recordo que dure perpétuamente e amasamos n' artesa do cariño con vágoas d' amor, esa coroa de bronce qu' onte dependuramos nos mármore da sua tomba.

D' aquela latexaban no meu peito tenros e subrimos sospiros d' amor, ansias inmensas de volver á Galicia, dempois de tantos anos que levaba vivindo lonxe do seu chan: lembrábame decote das palabras de Rosalía que excrimara no desterro, como doida laberca, "¡miña cásina, meu lar!" e soñaba día e noite co a patria pequena, co este niño de amores, cubizando a sorte dos que tornaban á él: vía-a eu na miña maxinación máis fermosa, máis grande e máis rica do qu' a deixara cando marchei d' eiquí, pol-a primeira ves, e n' aquela mesma noite en que celebrámol-o aniversario da morte da cantora das nosas tristezas e legrías, que tan elocuentemente acaban de loubar estes xénios da oratoria e da poesía, marcheime pro currunchito do convento de San Francisco donde dúrmo as miñas penas e delores, chorando com' un neno qu' o arrancan dos brazos da sua nai. Pensaba eu entonces n' aqueles anos que se foron pra non volver, pasados á sombra dos carballos e castiñeiros, xogando á veira do río, correndo por-riba dos petoutos tras das cabras e ovelas qu' iba gardar ò monte; pensaba n' as romarías e fuliadas da miña terra e choutábanme no célebre, com' os cabirtos no herbal, to-

dol-os recordos da miña vida de estudante que iñorada e descoñocida pr' os demáis, pasouse nesta cibdade do Apóstole.

¡Ay miña nai querida, canto chorei dentonces! Maxino que s' as vágoas que sairon destes ollos, bermellos pol-o fogo c-os abra-saba, caeran todas dentro d' un balde, calquera se podía lavar n-él.

E con todo hachaba consolo xuntándome canto podía c-os meus peisanos pra falar das cousas d' eiquí, e sober todo, cando pol-o bran iba as romarías españolas que se celebran na maor parte dos pobos da República e vía pol-as tardes no campo das festas, (porque se fan aló como antes antre nós), manadas de gallegos, mozos e vellos d' arredor do carro co-a pipa de viño, bailando uns e cantando outros a nosa muíñeira ò son da gaita, tambor e bombo que tocaban homes vestidos de calzón e monteira, e escoitaba os repinicos das castañas que parece que falaban, e logo xa suados de tanto troular, sentábamonos no chán pra comer empanadas e rosquillas mesturadas con bos tragos do Riveiro, sin olvidal-as castañas e o pernil ò modo da nosa terra.

¡E cómo me sabía á groria vel-as mulleres c-o a cofia na cabeza, o dengue pol-os ombros, o refaixo cinguido òs cadrís e o seu paniño na man!

Dígovos que máis d' unha ves non puđen contel-o meu entusiasmo e esquecéndome qu' era crego, ceibeí un aturuxo, forte com' un trono, que me parecía viña resoar as nosas carballeiras. E como eu, facían e fan todol-os gallegos que viven en terras de fora, porque donde queira que nos hachemos, a morriña consómenos, e non pensámos máis que na terriña, en nosas nais e no lar do noso berce.

Ô cabo chegóu unha hora en qu' a roda da miña fortuna virou ó dreito e puđen arranxal-o viaxe pra Galicia.

¡Miña nai da miña yalma! xa fixo un ano d' aquela, e mesmo me semella que inda foi onte! ¡Cómo me rebuldaba no peito o corazón cheo de alegría, cando puxen' o pé no barco que me trouxo á Vigo! ¡Volver á terra, vel-os seus montes coroados d' outeiros ou cubertos de pinos, contemprar as suas veigas froridas, as suas rías que parecen de prata, bicar miña nai e meus hirmans, rezar xunt' a cova que gard' os òsos de meu pai, abrazal-os amigos e escoitar outra ves o *a-la-lá*, er' o favor máis grande qu' o Ceo pudo facerme!

E fíxomo, e cheguéi; mais as miñas orellas cubizosas, non escoitaron ò desembarcar cántigas alegres e palabras de agarimo, non: soilo chegaban hastra mín os tristes queixumes de tantas nais doentes que tiñan os fillos na guerra, e co corazón esnaquizado fun á chorar antr' os brazos da miña as desgracias d' esta probe España que esmorecía de delor e esgumiaba de pena.

Dentonces pensei ¡qué mintireiras son' as cousas deste mundo! eu soñaba con alcontrar alegrías á ferrados e non atopo máis que vágoas!

Pro inda non foron tanto os estragos da guerra con tod' a compañía d' humillaciós e vergonzas que viñeron de pois o que máis me firiu as cordas da yalma, non. O que me fixo tolear de tristeza e cuáseque me encorou de rabia, era que non alcontrei Galicia, ou mellor dito, non-a conocín. É éla, indudablemente a terra que piso; non pirdiu ningún dos seus encantos: paréceme ainda máis bunita, máis agradabre que denantes: ¡ay! pro está poboada por xentes de fora, por xentes que non falan nin se visten como se vestían e falaban meus abós.

E tateando pouco menos que maldiciós, funme d' unha provincia n' outra e corrín toda Galicia sin alcontrar cuáseque un gallego, e dixeran ¡probe de mín! ¿e esta é a terra que eu deixei? ¿onde van os homes e mulleres que me viron nacer? ¿qué foi das cofias e os dengues, dos refaixos e mantelos, dos calzós e as polainas, as monteiras e as mócas? ¿por qué nas romarías xa non se baila a muiñeira, ou si a bailan fano agarradiños sin tocar-as castañolas? ¿por qué xa non se sente a gaita nas festas nin acompañan nas eirexas o cantar dos nosos crégos; a gaita que lembra os días de maor grandeza da patria de Macías e mesmo parece que leva dentro do fol o alento d' un pobo nobre cal ningún outro? ¿por qué non hay quen fale en gallego na terra de Rosalía e se esqueceron os seus cantares?

Non: esto non pode ser. ¿Morrería tod' a xente que eu deixei e serán estes qu' alcontro, novos pobradores que nos roubaron canto tiñamos, tradicións, costumes, fala e hastra os aldraxos ton que denantes nos vestiamos? Parece que sí.

E entonces dixeran: pois non morrerei eiquí: voume outra vez pra Buenos Aires, que aló pol-o menos hay gallegos á moreas e cando eu morra non faltará algún que vaya detrás do meu cadávre dicindo con vágoas d' amor: "¡miña xoyiña, meu ben, canto amáchel-a tua terra!;" e si escoito estas palabras dende o leito onde agonie, háme de ser máis doce a morte.

¡Ay! estes negros pensamentos véñenme furando os miólos xa fai tempo, porque pensaba que non quedaban ningún gallego en Galicia; pro, gracias á Dios, trabuqueime, que ind' os hay, anque no sexan moitos: eles son bos e basta. Vós, os qu' eiquí estades xuntos, mozos e vellos, homes e mulleres, facésme hoxe vivir de novo, porque demostrades que o voso amor pol-as cousas da nosa terra inda non morreu. Vós insinás c' o este exemplo alentador que Galicia pode erguerse do chan en qu' a deitaron á bofetós os fillos ingratos que se avergonzan de tela por nai, de pois d' enriquecerse cos seus bens. Adiante, meus bos amigos, adiante, non esmorezás na liuta escomezada: sodes poucos, é certo, pro non importa: traballá e tende fe, que os Apóstoles non eran máis que doce e conquistaron o mundo.

Os que non aman á Galicia nin queren d' ela máis que o sangue que lle zugan; os desleigados qu' a venden com' os xudíos á Cristo, eses chamarambos tolos e riránse de vós porque queredes

a redención d' esta terra escrava que nin libertá lle deixan pra choral-as suas desventuras: ridevos vós tamén, qu' s' eles fan bul-ra, a sômbra de nosos páis bendícevos dend' o Ceo y os seus ôsos aprauden ledos debaixo da lousa que os crube.

Galicia sofre, coitada, un martirio cruel: ridimía, anque vos custe á vida. Dicen qu' as redenciós non se fan sin sangue: pois ben, espallemos sobr' os seus altares regueiros de vágoas que son a sangue do corazón, e dempois á loitar contr' os verdugos que a colgaron na cruz, anque sexa á fungueirazos.

E tí, Rosalía querida, que encarnaches no teu corpo de barro a yalma de Galicia, e sintiches total-as suas tristezas e choraches total-as suas agunías, érguete da tua cova, volve á vir antre nosoutros. Érguete e non chôres xá; non cantes tampouco: berra e maldice, marca co ferrô da inominia a testa despreciabre dos traidores que venderon à nosa Galicia adourada: érguete e xa que eres muller, agarra unha xesta e barre pra fora os merca-deres que traficaron e traficán c' a sua honra, deixándoa despida no medio da rúa.

¿Non ves que os mouros volveron á apoderarse da nosa terra? ¿non ves que x' hay Mecas antre nós cos seus Mahomas, santons, muezins e mezquitas como n' África? ¡Érguete, érguete lixeira e cinguelles ò pescozo de todol-os caciques as cordas con que te queren esganar e tira co' eles nun prisidio, que alí están no seu sitio!

Ceiba pol-a tua boca d' ánxel esterminador, rayos e centellas que queimen e esnaquicen todol-os enemigos de Galicia, que hai moitos inda mesmo entr' os seus fillos, e non fôlgues un instante hastra qu' ela sexa o que debe ser, unha rexión autónoma, que se governe por sí, sin tutores nin medios páis, que no nos precisa.

Recibe, Rosalía, dende o Ceo, este omaxe d' admiración e cariño que che ofercemos os que tanto che amamos porque fostes unha groria da nosa terra, e mándalles un bico de amor os nosos peisanos de Buenos Aires, que deron motivo á esta festa que sempre lembrarei con alegría.

E agora, señoras e señores, no nome do *Ateneo León XIII* e do seu distinguido presidente, cuya cadeira estivo tan mal ocupada n' esta noite, e sobre todo, no meu propio, dígovos pra acabar: Dios vol-o pague; Dios e a pequena patria vos paguen o concurso que prestáchedes á esta velada en honra da gran cantora de Galicia.

Eu quixera expresarvos o que sinto eiquí no corazón, pro a miña língua é torpe e non obedece as órdes da cabeza; por eso pídivos que me perdonedes.

Será esta, cicais, á última ves que nos vemos xuntos: logo diréi adiós pra sempre à terra onde nacín; mais nunca me esqueceréi de vós e das atenciós inmerecidas que debo á esta sociedade compostelana, que levo esquirtas no fondo da yalma xunta mesmo

o recordo de miña nai. ¡Nai querida, miña xoya, meu amor, Galicia da miña vida, qué dolor inmenso me costa deixavos, apartarme de vós pra sempre! ¡Ay, si pol-o menos poidera arrancar d' eiquí de dentro este bultiño que quer estalar de pena!

Pro non, non: que sofra e padeza, qu' o amor debe calcarse no sacrificio, e desta maneira sufrindo moito e amando máis, poderéi cerral-os ollos cando chegue a morte, berrando con todas as forzas que dentonces teña:

¡Viva Galicia!



